

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 21 DE XULLO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTEUN DE XULLO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^a MARGARITA CAMPOS ESPIÑO** e **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

2º.- SUBVENCIONS.-

3º.- URBANISMO.-

4º.- CONTRATACIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

1.1.- Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta a Xunta de Goberno Local que, vista a petición de retirada de liña de media tensión (L.M.T.) Santiago-Ourense cursada por D^o Ramón Aira González, mediante escrito de data 29 de xuño de 2011, Rexistro de Entrada nº 3010 de data 14 de xullo de 2011, púsose en contacto con D^o Luis Palacios da xerencia de mantemento do ADIF, comunicándose polos mesmos que dita liña atópase xa en proceso de retirada total, esperando que neste mesmo ano esté xa todo resolto e que, en canto á calificación dos terreos do interesado, hai que esperar á resolución pertinente.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta comunicación.

1.2.- Visto o informe 268/11, de data 15 de xullo de 2011, emitido polo Inspector Xefe da Policía Local de Silleda, sobre a circulación de vehículos na Praza da Feira Vella de Silleda,

que literalmente dí:

“N/ REF.: Informe 268/11

Asunto: CIRCULACION EN PLAZA DA FEIRA VELLA

Hace unos meses se han llevado a cabo modificaciones en la ordenación del tráfico rodado en la Plaza da Feira Vella de Silleda.

Los objetivos que se pretendían eran impedir el estacionamiento y el tránsito de automóviles en dicha plaza, a excepción del obligado paso de los residentes para acceder a sus garajes, humanizando el espacio, convirtiendo dicho lugar en un punto de encuentro social y en un recinto de esparcimiento seguro, tanto para los usuarios del mismo como para los del parque infantil allí ubicado.

Los motivos: evitar conflictos entre vehículos y personas, incrementar la seguridad vial evitando el tráfico de paso, y dar mayor protagonismo a los peatones frente a los coches, toda vez que la mayoría del parque son personas mayores y niños.

Las actuaciones acometidas consistieron en la prohibición de circular en toda la plaza a todos los vehículos, excepto los que accedan a los garajes, mediante la colocación de señales verticales mod. R-100 (circulación prohibida) en las dos entradas al recinto. Colocación también, en ambas entradas, de señales de sentido de giro obligatorio (mod. R-402) para los vehículos con el acceso autorizado (residentes). Se ejecuta la señalización horizontal de la vía que circunda la plaza, quedando distribuida en un carril de circulación para automóviles y un carril para bicis (en sentido contrario al obligado por la señal vertical).

Al evaluar los resultados, meses después, se observa que los vehículos, aunque en menor número, continúan circulando por la plaza, utilizándola como lugar de paso entre la calle Outeiro y la calle Antón Alonso Ríos, a pesar de la prohibición de hacerlo y de la vigilancia policial efectuada. Únicamente se ha logrado erradicar el estacionamiento, ya que es ésta una maniobra que se prolonga en el tiempo, resultando más fácil detectarla y sancionarla. No ocurre así con los conductores que, desobedeciendo la señalización, utilizan la plaza como lugar de paso debido que es imprescindible presenciar la maniobra en su totalidad para proceder a su sanción. Un vehículo detectado circulando por la plaza puede proceder de un garaje.

Por ello la seguridad vial no se ha incrementado, y la integridad física de los niños que van al parque o de los demás usuarios de la plaza, puede verse comprometida.

Se propone la adopción de nuevas actuaciones con las que puedan alcanzarse los objetivos planteados. Entre ellas podría considerarse la instalación de bolardos, o similares, que impidan el acceso a la plaza en una de sus entradas, y la señalización como zona peatonal. De este modo la plaza nunca sería utilizada como lugar de paso entre dos calles.

Del igual modo, y en el mismo sentido de incremento de la seguridad vial, se plantea la reinstauración de los pasos de peatones que antes existían en las calles Outeiro y Anton Alonso Ríos, en ambos casos frente a las entradas de la plaza, y que se han obviado en la señalización después del reciente asfaltado de ambas calles, teniendo en cuenta, como ya se ha dicho, que se trata de un lugar muy frecuentado por personas mayores y por niños.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder a cortar o acceso ó tráfico rodado na mencionada Praza da Feira Vella, permitindo únicamente o paso de vehículos dos residentes desta praza así como ós propietarios dos locais comerciais existentes na mesma.

1.3.- Visto que a Asociación Cultural Vista Alegre da Bandeira, presenta unha solicitude de subvención a través do Grupo de Desenvolvemento Rural Agader (Terras de Deza) para proceder á realización e construción dun centro de interpretación da cultura da Bandeira, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda apoiar esta iniciativa, que redundará nas maiores posibilidades para o Centro Cultural.

2º.- SUBVENCIONS.-

Non hai asuntos que tratar.

3º.- URBANISMO.-

3.1.- Licencia de segregación.

3.1.1.- Dase conta da solicitude presentada por Dº Juan Carlos Picáns Villar en representación de Dº JOSÉ FERREIRO LAGE, Rexistro de Entrada nº 1679 e 1712, de data 19 de abril de 2011 e 25 de abril de 2011 respectivamente, de segregar en tres partes unha parcela (resultante dunha agrupación anterior de parcela), con emprazamento nas parcelas nº 11 e nº 12 (identificadas na vixente Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como parcelas nº 9 e nº 11 da mazá nº 3 do “marxe B”) do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto Dº Juan Carlos Picáns Villar e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 20 de abril de 2011, referencia VD108053,3.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico de data 20 de xullo de 2011 e o informe do Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal, de data 04 de maio de 2011, no que se sinala:

“1. A parcela que se pretende segregar, según o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, presenta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO URBANO.

- *Calificación do solo: COMERCIAL E INDUSTRIAL*
- *Ordenanza/Norma de aplicación: Normativa do Plan Parcial do Parque Empresarial "Área 33", e modificación aprobada o día 7-marzo-2002.*

2.- *Dita parcela (resultante dunha agrupación anterior de parcelas), conforme a normativa vixente de Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33 é divisible e cumpre co establecido na Sección 4ª, artigo 204 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.*

3.- *Segundo consta no proxecto técnico presentado e referenciado anteriormente, a superficie total da parcela matriz (resultante dunha agrupación anterior de dúas parcelas) é de 2.600,00 m², e os seus lindeiros son os seguintes:*

- *Norte: Vial do Polígono (identificado na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como vial V.2.1 do "marxe B").*
- *Sur: Parcelas nº 21B e nº 22B (identificadas na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como parcelas nº 8 e nº 10 da mazá nº 3 do "marxe B").*
- *Este: Vial do Polígono (identificado na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como vial V.5 do "marxe B").*
- *Oeste: Parcela nº 10 (identificada na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como parcela nº 7 da mazá nº 3 do "marxe B").*

4.- *Preténdese segregar a parcela matriz en tres parcelas segregadas, que segundo consta no proxecto técnico presentado quedarían do seguinte xeito:*

- a) *Parcela segregada A, cunha superficie total de 749,52 m², e cos seguintes lindeiros:*
- *Norte: Vial 1 do Polígono (identificado na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como vial V.2.1 do "marxe B").*
 - *Sur: Parcela segregada C.*
 - *Este: Vial do Polígono (identificado na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como vial V.5 do "marxe B").*
 - *Oeste: Parcela segregada B.*
- b) *Parcela segregada B, cunha superficie total de 780,71 m², e cos seguintes lindeiros:*
- *Norte: Vial 1 do Polígono (identificado na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como vial V.2.1 do "marxe B").*
 - *Sur: Parcela segregada C.*
 - *Este: Parcela segregada A.*

- Oeste: Parcela nº 10-A (identificada na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como parcela nº 7 da mazá nº 3 do "marxe B").
- c) *Parcela segregada C, cunha superficie total de 1.069,77 m², e cos seguintes lindeiros:*
 - *Norte: Parcelas segregadas A e B.*
 - *Sur: Parcelas nº 21B e nº 22B (identificadas na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como parcelas nº 8 e nº 10 da mazá nº 3 do "marxe B").*
 - *Este: Parcela nº 10-A (identificada na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como parcela nº 7 da mazá nº 3 do "marxe B").*
 - *Oeste: Vial 1 do Polígono (identificado na vixente modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como vial V.5 do "marxe B").*

En conclusión, as parcelas resultantes da segregación cumpren coas condicións establecidas no Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda (Pontevedra), polo que por parte dos técnicos que suscriben non se aprecia inconveniente para o outorgamento da licenza de segregación solicitada."

Por unanimidade acorda conceder a licenza de segregación en tres partes dunha parcela (resultante dunha agrupación anterior de parcelas) con emprazamento nas parcelas nº 11 e nº 12 (identificadas na vixente Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, como parcelas nº 9 e nº 11 da mazá nº 3 do "marxe B") do Parque Empresarial Área 33 de Silleda.

3.2.- Actividades Clasificadas.

3.2.1.- Visto o expediente instruído a instancia de D^o JOSÉ PARDO LOUZAO, que solicita a regulamentaria licenza municipal para construción de un panteón de tres nichos, a situar no cemiterio parroquial de Santa María de Carboeiro, parroquia de Carboeiro (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTADO: Que elevado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, este Organismo, con data 24 de maio de 2011, rexistro de entrada nº 2205, de data 27 de maio de 2011, autoriza a intervención solicitada.

RESULTADO: Que elevado á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, este Organismo, con data 22 de xuño de 2011, rexistro de entrada nº 2819, de data 01 de xullo de 2011, informa favorablemente o expediente.

RESULTANDO: Que preséntase copia de autorización do Bispado de Lugo, concedidas a D^o José Pardo Louzado e D^a María Diéguez Salgueiro en data 18 de novembro de 2008, para ó usufructo de parcela e construción dunha sepultura de tipo extraordinario con tres ocós sobre terra e dimensións de 3,30x0,90 m, no cemiterio parroquial de Santa María de Carboeiro.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

RESULTANDO: Que con data 20 de xullo de 2011 emítase informe xurídico, no que considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, estimándose procedente a súa concesión, de conformidade o previsto no artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

3.2.2.- Licencia N^o 2468/06. Visto o expediente instruído a instancia de D^a MARIA LUISA LÓPEZ SUÁREZ, solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a perruquería, a situar na rúa Alfonso Trabazo, n^o 19-23 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 09 de outubro de 2009, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que polo interesado preséntase certificación final de obra, asinada polo técnico redactor do proxecto e director de obra, o Arquitecto Técnico D^o Luis Llorente Taboada, Rexistro de Entrada n^o 5390 de data 09 de novembro de 2009.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico de data 19 de xullo de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 15 de xullo de 2.011, acorda a concesión de licencia de actividade a D^a MARIA LUISA LÓPEZ SUÁREZ para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a perruquería, a situar na rúa Alfonso Trabazo, nº 19-23 baixo (Silleda).

3.2.3.- Licencia Nº 1381/08. Visto o expediente instruído a instancia de D^o José Manuel Blanco Crespo, en representación de MAPFRE AUTOMOVILES, S.A., solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a oficina de seguros, a situar na rúa Santa Eulalia, esquina rúa María Colmeiro (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de xullo de 2.008, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que polo interesado preséntase certificación final de obra, asinada polo técnico redactor do proxecto e director de obra, o Arquitecto Técnico D^o Alfonso Gallego Ruza, Rexistro de Entrada nº 198 de data 15 de xaneiro de 2009.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico de data 19 de xullo de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 01 de xullo de 2.011, acorda a concesión de licencia de actividade a MAPFRE AUTOMOVILES, S.A. para apertura de local para dedicalo a oficina de seguros, a situar na rúa Santa Eulalia, esquina rúa María Colmeiro (Silleda).

4^o.- CONTRATACIÓN.

4.1.- Contratación do servizo "Programa Cascarón"

Visto que pola Alcaldía detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo do denominado "PROGRAMA CASCARÓN".

Visto que dada a contía do contrato considérase como o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado con publicidade.

Visto informe de Intervención de data 14 de xullo sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e órgano competente.

Visto que coa mesma data emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xullo de 2011 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 21 de xullo, redactouse e incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 21 de xullo, realizouse pola Interventora a retención de crédito oportuna e coa mesma data emitíronse Informe de fiscalización do expediente e informe de Secretaría.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 94 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado con publicidade, do servizo de "PROGRAMA CASCARÓN".
- SEGUNDO. Autorizar, en contía de 80.000,00 € euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo de "PROGRAMA CASCARÓN". por procedemento negociado con publicidade, con cargo á partida 324.227.99 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2011 que é o prorrogado para o 2010.
- TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato do servizo de "PROGRAMA CASCARÓN" por procedemento negociado con publicidade.
- CUARTO. Publicar no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de 15 días naturais poidan presentar as ofertas que consideren pertinentes.
- QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei de contratos do sector público.

4.2.- Contratación do Servizo: "Arquitecto Asesor Técnico".

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xullo de 2011 se iniciou o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de arquitecto asesor técnico por procedemento negociado sen publicidade e se ordeaba a redacción dos correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

Visto que se redactaron e incorporaronse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto os informes da Secretaria e da Interventora de data 21 de xullo de 2011.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade:


- 1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de ARQUITECTO ASESOR TÉCNICO.
- 2º.- Autorizar, en contía de 29.500,00 euros (25.000 € + 4.500 € (IVE)), o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 920.22706 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2011 que é o prorrogado para o 2010.
- 3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.
- 4º.- Solicitar ofertas as seguintes persoas:
 - Aurora García Vicente
 - Eduardo Cruz Aguiar
 - Ricardo Aneiros Rodríguez
 - Lino Manuel Doporto Framil
 - Ana Isabel Piñeiro Esperante

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.


E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,



Handwritten signature of the Mayor over a circular stamp of the Concello de Silleda.

A SECRETARIA,



Handwritten signature of the Secretary over a circular stamp of the Concello de Silleda.